

Composición de texto 2.- AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812

Na España que resiste e non apoia nin colabora con Xosé I, vai producirse unha auténtica revolución política. Por unha banda, estes españois van organizar as **Xuntas Supremas Provinciais**, uns organismos de carácter local e provincial compostos fundamentalmente por clérigos, ilustrados e militares que asumiron a soberanía na ausencia do rei, declararon a guerra a Napoleón e buscaron o apoio de Gran Bretaña. Máis tarde, setembro de 1808, estas xuntas provinciais coordináronse na **Xunta Suprema Central**, presidida por Floridablanca, que se converterá no máximo órgano gobernativo (coordina a acción contra os franceses e ocupa o baleiro de poder deixado polo rei), con sede inicial en Aranjuez e posteriormente, a raíz do acoso do exército francés, en Sevilla e máis tarde en Cádiz, onde exercerá o poder dun **Consello da Rexencia** (especie de goberno provisional que di actuar en nome de Fernando VII) e convocará Cortes non estamentais.

O proceso de elección de deputados a **Cortes** foi difícil, dada a situación bélica do país. Optouse por elixir deputados entre as persoas de cada unha das provincias que se atopaban en Cádiz (onde abundaban burgueses liberais, intelectuais e funcionarios ilustrados que, ante o avance do exército francés, se refuxiaron en Cádiz, protexida pola mariña inglesa).

Os deputados que compuxeron as Cortes de Cádiz (reunidas entre setembro de 1810 e setembro de 1813) pertencían a distintos grupos sociais, maioritariamente á clase media urbana (profesionais liberais e funcionarios) e, en menor medida, clérigos e militares (a alta nobreza case non tivo representación e o campesiñado non figurou). As ideoloxías dos deputados estaban divididas:

a) **Os LIBERAIS** (ou innovadores), partidarios de reformas e admiradores da Revolución Francesa. Defendían a plena **soberanía nacional** (aínda que algúns eran partidarios dunha soberanía compartida polo rei e as Cortes), **Cortes unicamerais** (a imitación dos Estados Xerais franceses de 1789) e a redacción dunha **Constitución** liberal. Ademais defendían a **liberdade de imprenta**, a **abolición da Inquisición**, a **propiedade privada** e a «**igualdade dos españois** de ambos os dous hemisferios»

Entre os liberais destacan **Agustín Argüelles** (gran orador e xefe dos liberais, quen participou posteriormente na elaboración da Constitución de 1837) e **Muñoz Torrero** (sacerdote, reitor da Universidade de Salamanca e un dos membros da comisión que elaborou a Constitución). Contaron co apoio da prensa gaditana e dominaron os debates das Cortes.

b) **Os JOVELLANISTAS** (ou renovadores), grupo de centro formado arredor deste ilustrado, **Jovellanos**. Falaban de promover un acordo entre o rei e a nación e de manter as **cortes estamentais**. Propugnaban unha **división de poderes sui generis: Rei e Cortes** (constituídas polos tres estamentos tradicionais) debían estar **unidos**, e o **Poder Xudicial**.

c) **Os ABSOLUTISTAS**, chamados despectivamente «serviles» ou «inmovilistas», pretendían manter a vella orde monárquica (defendían a **relixión católica**, a **sociedade estamental** e a **monarquía absoluta**). Entre eles destacou o bispo de Ourense, **Pedro de Quevedo**.

Estes deputados das Cortes de Cádiz realizaron un **labor legislativo** determinante.

- **A Constitución de 1812**

Unha CONSTITUCIÓN é a norma básica e suprema dun Estado que recolle: os dereitos dos cidadáns; a separación de poderes (executivo, legislativo e xudicial), a súa constitución e atribucións; a organización do Estado (soberanía, forma de organización política, símbolos...).

A Constitución de 1812 foi promulgada o 19 de marzo de 1812 (día de San Xosé, por iso é coñecida popularmente como a "Pepa"). Establece as bases do programa liberal e ten como referente o primeiro texto constitucional da Revolución Francesa (1791) e o de Estados Unidos (1787). Supuxo o primeiro intento legal para desmantelar o Antigo Réxime en España.

É a Constitución máis extensa das promulgadas en España (384 artigos) xa que regulou minuciosamente a organización política (eleccións; organización de concellos e deputacións..., cuestións propias de leis ordinarias).

O Preámbulo sinala que "a nación española está representada polas Cortes españolas que se dá a si mesma a Constitución".

- Recoñécese a **Soberanía Nacional**: «A soberanía reside na nación e pertence a esta o dereito de establecer as súas leis fundamentais» e non ó rei.

- Recóllese unha **amplía declaración de dereitos do cidadán**: igualdade dos españois ante a lei, a liberdade de pensamento e de imprenta, a inviolabilidade do domicilio, a propiedade privada... ós individuos «de ambos os dous hemisferios», é dicir, colócase en pé de igualdade ós cidadáns peninsulares e ós das colonias americanas.

- Proclama a **confesionalidade do Estado** (o catolicismo como relixión oficial).

- Recoñece a **Fernando VII**, como rei de España, pero como un **rei constitucional**.

- **Proclama a división de poderes** (segundo a teoría de Montesquieu): O executivo recae no rei (Fernando VII), o lexislativo nas Cortes e o propio rei; e o xudicial nos tribunais.

1. **O rei é a cabeza do poder executivo** (composto por 7 ministros ou Secretarios de Estado): fai cumprir as leis, nomea e cesa ós ministros, é o xefe do exército e da diplomacia, etc. e ten un poder lexislativo escaso: pode presentar propostas de lei ás Cortes, pero estas podían vetadas.

2. **As Cortes Unicamerais**, seguindo o modelo dos Estados Xerais franceses de 1789, serían elixidas mediante sufraxio universal masculino (varóns maiores de 25 anos) e indirecto (eleccións sucesivas de compromisarios locais, de partido xudicial, provinciais e nacionais). Para ser deputado requiríase a condición de propietario. O mandato dos deputados duraría dous anos e serían inviolables no exercicio das súas funcións. Posúen amplos poderes: elaboración de leis, aprobación dos orzamentos e dos tratados internacionais, mando sobre o exército, etc.

As Cortes debían reunirse anualmente (polo menos durante 3 meses) sen necesidade de convocatoria do rei. Ademais creouse unha Deputación permanente para atender os asuntos urxentes cando as Cortes non estivesen reunidas.

3. **O poder xudicial** era competencia exclusiva dos Tribunais e establécense os principios básicos dun estado de dereito: códigos únicos en materia civil, criminal e comercial; garantías procesais, etc.

- Establece o **carácter electivo dos concellos**, presididos por alcaldes elixidos por sufraxio indirecto.

- As provincias estarían gobernadas por un Xefe Superior Político, nomeado polo rei, e contaría cunha Audiencia e unha delegación de Facenda.

- Fixa, co fin de conseguir a igualdade dos cidadáns, unha fiscalidade común e o fin das exencións e dos privilexios, un mercado libre de aduanas interiores, un exército nacional (obrigatoriedade do servizo militar e, á vez, a creación dunha **milicia nacional**, un novo tipo de exército formado por todos os cidadáns cuxa función era a defensa do sistema constitucional e a expulsión dos franceses), e unha instrución pública xeneralizada (en todos os pobos estableceríanse escolas de primeiras letras nas que se ensinaría a ler, escribir e contar, e o catecismo da relixión católica).

A Constitución de 1812 inspírase na Constitución francesa de 1791. Estivo vixente dous anos, un mes e catorce días. Foi derogada tras a volta de Fernando VII e máis tarde imposta durante o Trienio Liberal (1820-1823) e en 1836 tras o Motín da Granxa. Serviu de modelo no longo proceso da implantación do liberalismo en España e para as Constitucións liberais latinoamericanas, portuguesa, piemontesa e polaca.

- **Medidas económico-sociais complementarias**. Ademais da Constitución, as Cortes de Cádiz aprobaron unha serie de medidas económico-sociais de importancia:

- A **abolición dos señoríos xurisdiccionais** (1811) e dos **morgados**. Suprímense os señoríos e os privilexios dos señores (tribunais especiais, o nomeamento das autoridades municipais ou o cobro de rendas señoriais). Prohíbese o uso dos termos "señor" e "vasalo".

- A posta en marcha dun novo proceso desamortizador (1813) sobre as propiedades de afrancesados, clero e ordes militares (cuxa venda en poxa pública xeraría uns ingresos que paliarían a débeda pública do Estado).

- O decreto de **liberdade de imprenta** (1810), que suprime a censura para os escritos políticos (non para os relixiosos).

- **A supresión da Inquisición** e a abolición da tortura.

- **A supresión do Concello da Mesta** e o recoñecendo do dereito dos pobos a acoutar as súas terras comunais.

- **A supresión das aduanas internas e dos gremios** (intento de avanzar cara a un liberalismo económico e un mercado regulado polas leis da oferta e a demanda).

Moito do acordado en Cádiz non puido aplicarse inmediatamente (pola situación de guerra) e durante o reinado de Fernando VII e Isabel II sufrirá avances e retrocesos continuos, ligados ó grupo liberal que ocupase o goberno (moderados ou progresistas), pero as Cortes de Cádiz fixaron o programa liberal español que vai implantarse ó longo do século XIX. A pesares da súa transcendencia, as importantes reformas aprobadas polas Cortes de Cádiz foron obra dunha minoría liberal, descoñecidas pola inmensa maioría do pobo español.